



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BETANZOS

Convocatoria técnicos superiores Director Biblioteca Museo Arquivo. Proposta de nomeamento.

ASUNTO: CONVOCATORIA OPE 2021 PERSOAL FUNCIONARIO POR OPOSICIÓN: ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL SUBESCALA TÉCNICA. CLASE: TÉCNICOS SUPERIORES DIRECTOR BIBLIOTECA MUSEO ARQUIVO

EXPEDIENTE: 2021/E001/000005

PROPOSTA PARA O NOMEAMENTO NO PROCESO SELECTIVO OPE 2021 PERSOAL FUNCIONARIO POR OPOSICIÓN ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL SUBESCALA TÉCNICA CLASE TÉCNICOS SUPERIORES. DIRECTOR BIBLIOTECA MUSEO ARQUIVO

Mediante Resolución da Alcaldía nº 1027/2022 de data 28.06.2022 acordouse o seguinte:

PRIMEIRO. Realizar o nomeamento a favor de:

Identidade da Aspirante	DNI
Angel María Arcay Barral	***3402***

SEGUNDO. Dispor a cantidade oportuna á que ascende a retribución ao nomeado.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo de un mes a contar desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

CUARTO. Publicar o nomeamento no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello sede.betanzos.gal e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

QUINTO. Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

SEXTO. Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en localidade distinta, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

SÉTIMO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, 01.07.2022

A alcaldesa

María Barral Varela